

Reunión bilateral

Venres, 06 de Febreiro do 2009

Os Comités Executivos das Plataformas Tecnolóxicas Galegas de Medio Ambiente e Materiais Manteñen unha Reunión Bilateral co fin de identificar posibles proxectos de interese común

O pasado 3 de febreiro, os membros do Comité Executivo da Plataforma Tecnológica Galega de Medio Ambiente (ENVITE) e os seus homólogos da Plataforma Tecnológica Galega de Materiais e Procesos de Fabricación (MPF2020), mantiveron esta semana, nas oficinas de Sogama en Cerceda, unha reunión de traballo coa finalidade de identificar posibles proxectos de interese común, propiciando, de ser o caso, ao seu desenvolvemento conxunto. Dado o carácter transversal do medio ambiente e as posibilidades que este pode ofrecer na execución de programas de I+D+i noutros ámbitos sectoriais, considerouse, por ambas partes, a idoneidade de levar a cabo un encontro bilateral que podería marcar o inicio de interesantes propostas. De feito, un dos principais obxectivos da Plataforma de Materiais é precisamente o de "avanzar na incorporación de materiais e procesos asociados máis respectuosos co medio ambiente, circunstancia que redundará nun maior cumprimento dos criterios de sostibilidade e, en consecuencia, nunha mellora da calidade de vida".

A curto prazo, a intención das dúas organizacións é que os seus grupos de traballo identifiquen posibles proxectos susceptibles dunha intervención tecnolóxica coa que lograr mellores produtos ou, de ser o caso, procesos produtivos que redunden nun mellor tratamento de residuos. E precisamente será o grupo de Tecnoloxías Ambientais de ENVITE e o de Procesos e Tecnoloxías de Fabricación de MPF2020, os que compartirán as súas actividades con esta finalidade.

SOBRE MPF2020

Promovida pola Asociación de Investigación Metalúrxica do Noroeste- Centro Tecnolóxico AIMEN-, ademais doutras seis entidades (Grupo de Investigación Encomat, Instituto de Cerámica de Galicia, Grupo de Investigación de Polímeros da Universidade de A Coruña, Factorías Vulcano, S.A, Daycoensa, S.L, Cederval España, S.A), pretende servir de ferramenta para mellorar o crecemento e competitividade do tecido industrial galego mediante o fomento da Investigación e o Desenvolvemento, así como o apoio á innovación no ámbito da enxeñaría e tecnoloxía de materiais, e os procesos de fabricación. Nestes momentos, son sete o total de grupos de traballo que a conforman, isto é, Materiais Cerámicos, Polímeros, Metálicos, Compostos, de Construción Naval, Procesos e Tecnoloxías de Fabricación, e Formación, Xestión e Promoción de I+D+i.

PERCORRIDO POLO COMPLEXO MEDIOAMBIENTAL

Dado que, na actualidade, a presidencia de ENVITE está en mans de Sogama, considerouse de interese celebrar a reunión na sede desta última, posibilitando a realización dunha visita ás instalacións que conforman o Complexo Medioambiental de Cerceda, onde puideron seguir con detalle o percorrido que os residuos urbanos efectúan dende a súa recepción, posterior clasificación por tipoloxías, envío a centros recicladores da parte recuperable e valorización enerxética da fracción non reciclable por outras vías. Así mesmo, recibiron información sobre os novos proxectos abordados pola Sociedade noutros ámbitos da xestión ambiental, así como as súas perspectivas de futuro a medio e longo prazo, tanto no tratamento racional dos residuos coma na prestación dun mellor servizo público á cidadanía de Galicia.